


AVALIACIÓN EN ESO



DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

DIZ BESADA, MÓNICA (2023)



AVALIACIÓNS

Haberá tres avaliacións parciais e unha final. A 3ª avaliación parcial coincidirá coa avaliación final. Na avaliación final decidirase a cualificación definitiva.

De non existir unanimidade nas decisións requirírase acordo favorable da maioría simple.



PROMOCIÓN

Poderase promocionar de curso nestes tres casos:


Caso 1: Con todas as materias superadas.

Caso 2: Con dúas materias sin superar (computan tamén as dos cursos anteriores).

Caso 3: Deben cumprirse todas as seguintes condicións:

- A media das materias nas que se estea matriculado nese ano académico é igual ou superior a 5.
- Que a suma dos períodos lectivos semanais das materias sin superar non sexa superior a 10 (non se teñen en conta as pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición).
- O equipo docente considera que a promoción favorecerá a súa evolución académica.
- O equipo docente considera que hai expectativas favorables de recuperación.
- O equipo docente considera que as materias non superadas non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

O alumnado que promocione con materias sin superar deberá seguir un plan de reforzo e superar as avaliacións correspondentes a ditos plans.



REPETICIÓN

A repetición será excepcional e aplicarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio.

Poderase repetir dúas veces como máximo en todo o ensino obrigatorio e, excepcionalmente, poderase repetir a maiores en 4º, prolongando un ano máis o límite de idade (ata os 19 anos).

O alumnado que repita deberá seguir un plan específico personalizado.



TITULACIÓN


Poderase titular nestes dous casos:

CASO 1: Con todas as materias superadas.

CASO 2: Deben cumprirse todas as condicións seguintes:

- Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

O alumnado que remate 4º sin titular e superase o límite de idade poderá realizar nos dous cursos seguintes probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase.



ALUMNADO DE PDC

As materias pendentes de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

A decisión de repetición adoptárase exclusivamente ó rematar o segundo ano do Programa de Diversificación Curricular.



ALUMNADO CON AC

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na adaptación, sen que isto poida impedir lle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de ESO.



ALUMNADO DE CICLO BÁSICO

A superación da totalidade dos módulos incluídos nun ciclo básico de formación profesional conducirá á obtención do título de ESO.



CONSELLO ORIENTADOR

Ó finalizar 2º ESO entregaráselles ós pais ou titores legais un consello orientador coa proposta máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá ser a incorporación a un PDC ou un ciclo formativo básico.

Ó rematar 4º ESO entregaráselles outro consello orientador coa proposta sobre a opción académica, formativa ou profesional máis adecuada para o seu futuro formativo.



MATRÍCULA DE HONRA

Ó rematar 4º ESO, poderase outorgar unha mención honorífica ou matrícula de honra ás alumnas e aos alumnos que demostren un rendemento académico excelente na etapa.